



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL CATORCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
DNA. MARINA BOUZA COUCE
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMÚDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de Sesiões desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres/as. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión ordinaria convocada para o día de hoxe. Disculpan a súa asistencia as concelleiras Dna. Olga María Blanco Teijeiro e Dna. Delia Paz Ardao.

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 30 DE AGOSTO DE 2014. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as. asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de agosto de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno da Corporación e por unanimidade dos asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2014. APROBACIÓN.ACORDON QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 6/2014, polo importe de 10.932,11€, pola modalidade de transferencia de créditos para atender as achegas municipais ás obras que financia a Deputación Provincial e que son as seguintes:

- "Ampliación da rede de sumidoiros en Estoxa" (achega municipal 7.161,21€)
- "Ampliación do camiño novo ó Mosteiro de San Xoán de Caaveiro" (achega municipal 3.770,90€)

O mencionado expediente foi informado favorablemente pola Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno na sesión de data 16 de outubro de 2014.

Polos voceiros dos grupos municipais do Partido Popular D. José Seco Fernández e de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo remítense o xá manifestado na Comisión Informativa.

Visto o anterior,

O Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 6/2014, pola modalidade de transferencia de crédito, de acordo co seguinte cadro:

ANEXO

CAPITULO	CONSIGNACION INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de Persoal	343.858,85€				343.858,85€
II Gastos en bens correntes	573.504,38€				573.504,38€
III Gastos financeiros	0,00€				0,00€
IV Transferencias correntes	18.700,00€				18.700,00€
VI Inversións reais	410.071,52€		10.932,11€	10.932,11€	410.071,52€
VII Transferencias de capital	0,00€				0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				0,00€
TOTAL	1.346.134,75€		10.932,11€	10.932,11€	1.346.134,75€

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 7/2014, polo importe de 1.941,70€, pola modalidade de transferencia de créditos para financiar a achega municipal á obra denominada **eficiencia enerxética na iluminación pública** dos concellos de Cabañas, Mugaros, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne, proxecto conxunto subvencionado polo INEGA.

O mencionado expediente foi informado favorablemente pola Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno na sesión de data 16 de outubro de 2014.

Polos voceiros dos grupos municipais do Partido Popular D. José Seco Fernández e de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo remítense o xá manifestado na Comisión Informativa.

Visto o anterior,

O Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 7/2014, pola modalidade de transferencia de crédito, de acordo co seguinte cadro:

ANEXO

CAPITULO	CONSIGNACION INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de Persoal	343.858,85€				343.858,85€
II Gastos en bens correntes	573.504,38€				573.504,38€
III Gastos financeiros	0,00€				0,00€
IV Transferencias correntes	18.700,00€				18.700,00€
VI Investimentos reais	410.071,52€		1.941,70€		408.129,82€
VII Transferencias de capital	0,00€			1.941,70€	1.941,70€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				0,00€
TOTAL	1.346.134,75€		1.941,70,1€	1.941,70€	1.346.134,75€

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

IV.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 8/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 8/2014, polo importe de 3.408,21€, pola modalidade de suplemento de crédito con cargo a transferencias doutras partidas para dotar a partida de redacción de proxectos técnicos.

O mencionado expediente foi informado favorablemente pola Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno na sesión de data 16 de outubro de 2014.

Polos voceiros dos grupos municipais do Partido Popular D. José Seco Fernández e de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo remítense o xá manifestado na Comisión Informativa.

Visto o anterior,

O Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 8/2014, pola modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte cadro:

ANEXO

CAPITULO	CONSIGNACION INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de Persoal	343.858,85€				343.858,85€
II Gastos en bens correntes	573.504,38€				573.504,38€
III Gastos financeiros	0,00€				0,00€
IV Transferencias correntes	18.700,00€				18.700,00€
VI Investimentos reais	408.129,82€		3.408,21€	3.408,21€	408.129,82€
VII Transferencias de capital	1.941,70€				1.941,70€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				0,00€
TOTAL	1.346.134,75€		3.408,21€	3.408,21€	1.346.134,75€

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

V.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9/2014.APROBACIÓN.ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 9/2014, polo importe de 6.785,73€, pola modalidade de xeración de créditos-crédito extraordinario como consecuencia da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña dentro do programa de investimentos na obra "Remodelación do parque fronte ó edificio de Servizois Múltiples".

O mencionado expediente foi informado favorablemente pola Comisión Informativa Municipal de Asuntos do Pleno na sesión de data 16 de outubro de 2014.

Polos voceiros dos grupos municipais do Partido Popular D. José Seco Fernández e de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo remítense o xá manifestado na Comisión Informativa.

Visto o anterior,

O Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 9/2014, pola modalidade de xeración de créditos-crédito extraordinario, de acordo co seguinte cadro:

ANEXO

CAPITULO	CONSIGNACION INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de Persoal	343.858,85€				343.858,85€
II Gastos en bens correntes	573.504,38€				573.504,38€
III Gastos financeiros	0,00€				0,00€
IV Transferencias correntes	18.700,00€				18.700,00€
VI Investimentos reais	408.129,82€	6.785,73€			414.915,55€
VII Transferencias de capital	1.941,70€				1.941,70€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				0,00€
TOTAL	1.346.134,75€	6.785,73€			1.352.920,48€

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

VI.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos Decretos e Resolucións da Alcaldía dende o día 21 de agosto de 2014 ata o día 17 de outubro de 2014 que de seguido se relacionan:

AGOSTO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.08.14, aprobación facturas.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.08.2014, contratación ó abeiro da convocatoria da Deputación da Coruña para cuadrillas de obras e servizos a Oscar Ardao Seco e Juan Carlos Gato Barro.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.08.2014, concesión de un día por asuntos propios á Secretaria do Xulgado Dna. María Celia Couce Moreira.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 22.08.2014, aprobación expediente para licitación e contratación da obra: Pavimentación vías municipais A Barbela-AC 121", cun orzamento de 70.139,40 euros.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 22.08.2014, aprobación expediente para licitación e contratación da obra: Pavimentación vías municipais A Porta-San Boulo e outros", cun orzamento de 32.866,20 euros.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 25.08.2014, concesión de 300 euros á Comisión de Festas de Cabalar 2014.
- **RÉXIME INTERNO:** Resolución da Alcaldía de data 25.08.2014, delegación a prol da Concelleira Dna. Marina Bouza Couce para celebración de matrimonio civil o día 30 de agosto de 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.08.2014, aprobación facturas
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.08.2014, aprobación facturas
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 28.08.2014, adxudicación e contratación da prestación do Servizo denominado "Servizos docentes da Escola Municipal de Música", á empresa IMMEGA MUSICA, S.L., polo prezo de 27.000 euros/ano.
- **PADRONS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 28.08.2014, aprobación do padrón fiscal correspondente ó 3º trimestre de RSU.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 28.08.2014, concesión de un día por asuntos propios a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez.

SETEMBRO:

- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 01.09.2014, aprobación factura nº 414, de data 28.08.2014, certificación única dos traballos "Acondicionamento e mellora da ruta de sendeirismo circular do miradoiro de Teixido, por importe de 22.441,87 euros.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 01.09.2014, aprobación factura nº 414, de data 28.08.2014, certificación única dos traballos "Acondicionamento e mellora da ruta de sendeirismo circular do camiño vello de Caaveiro", por importe de 14.424,41 euros.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.09.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.09.2014, aprobación facturas
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.09.2014, aprobación certificación número tres da obra "Acondicionamento interior dos vestuarios e aseos do ximnasio e piscina municipais", por importe de 11.418,06 euros (convenio 73/2014)
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.09.2014, aprobación certificación número dous e final da obra "Colector de saneamento en Sande", por importe de 8.544,05 euros (POS-Anualidade 2014)
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 03.09.2014, extinción do Servizo de Axuda no Fogar a D. José Meizoso Barro.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2014, aprobación facturas
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 08.09.2014, adxudicación e contratación da obra denominada: "Pavimentación vías municipais A Barbela AC 121" - Plan DTC 93, polo prezo de 73.000,00 euros á oferta da empresa Construcciones Concifa, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 08.09.2014, adxudicación e contratación da obra: Pavimentación vías municipais A Porta-San Boulo e outros" - Plan DTC 93, á oferta presentada pola empresa Ágada Occidente, S.L., polo prezo de 32.800,00 euros.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 08.09.2014, alta no Padrón Municipal de Habitants de D. Héctor Fernández Freire no lugar de As Neves, 76.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2014, aprobación facturas
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.09.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.09.2014, aprobación facturas
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.09.2014, aprobación gasto
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.09.2014, aprobación facturas
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 17.09.2014, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Dolores Allegue Iglesias e D. Julio Matías Antón Allegue.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2014, aprobación facturas
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.09.2014, aprobación facturas
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2014, contratación do intérprete GALLAECIA BIG BAND, dentro da Rede Cultural da Deputación 2014.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2014, contratación do intérprete AIRIÑOS DO FRADE, dentro da Rede Cultural da Deputación 2014.

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2014, contratación do intérprete BANDA DE GAITAS ARIÑOS DE FENE, dentro da Rede Cultural da Deputación 2014
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 24.09.2014, contratación do intérprete CHARANGA VAI DE BAILE, dentro da Rede Cultural da Deputación 2014.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 25.09.2014, recoñecemento do sexto trienio á funcionaria municipal Dna. María América Uceira Criado.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 25.09.2014, recoñecemento do sexto trienio á funcionaria municipal Dna. Josefina Fernández Ferreira.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 26.09.2014, alta no Servizo de Axuda a Domicilio Municipal de D. José Meizoso Barro.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 26.09.2014, alta no Servizo de Axuda a Domicilio Municipal de D. Manuel Permuy Filgueiras.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 30.09.2014, aprobación e cancelación e devolución do aval definitivo presentado pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro, S.P.C., para a obra "Ampliación da rede de saneamento As Neves-Os Picos", por importe de 3.677,69 euros.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 30.09.2014, aprobación e cancelación e devolución do aval definitivo presentado pola empresa Immga Música, S.L., para a execución do contrato de prestación do servizo "Docencia na Escola Municipal de Música", por importe de 2.336,45 euros.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.09.2014, concesión do período de vacacións ano 2014 a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez dende o día 13 de outubro ata o día 22 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.09.2014, concesión do período de vacacións á funcionaria municipal Dna. Josefina Fernández Ferreira dende o día 1 de outubro ata o 24 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive) e do día 9 de decembro ata o 12 do mesmo mes.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.09.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.09.2014, aprobación facturas

OUTUBRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.10.2014, aprobación facturas
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 02.10.2014, aprobación pagamento por importe de 500,00 euros, por reclamación de responsabilidade patrimonial polo accidente ocorrido o día 7 de febreiro de 2014, vehículo de José Rodríguez Meizoso.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 02.10.2014, aprobación pagamento por importe de 97,77 euros, por reclamación de responsabilidade patrimonial polo accidente ocorrido o día 10 de agosto de 2014, vehículo de Antonio Adegá Seco.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.10.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.10.2014, aprobación facturas

- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 08.10.2014, aprobación pagamento por importe de 313,89 euros, por reclamación de responsabilidade patrimonial polo accidente ocorrido o día 14 de novembro de 2011, vehículo de María Grandal Rodríguez, na pista da Barbela.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 08.10.2014, concesión do período de vacacións ano 2014 o traballador D. Juan Vilar Gabeiras, o mes de decembro de 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.10.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.10.2014, aprobación facturas
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 15.10.2014, prorroga contrato á empresa CERNA ARQUITECTOS, S.C.P., encargada da redacción do PXOM da Capela.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 16.10.2014, aprobación certificación número un da obra "Saneamento de augas residuais en Estoxa", por importe de 23.995,20 euros.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 16.10.2014, prestación Servizo de Axuda no Fogar a Dna. Josefa García Fariña, cese temporal.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 17.10.2014, prestación do Servizo de Axuda a Domicilio Municipal a Dna. Sara Francisca Franco González.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.10.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.10.2014, aprobación facturas

O Pleno queda enterado.

VII.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Non se presentou ningunha moción.

VIII.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dase conta aos seguintes:

ROGOS

1.- En días pasados a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dixo nas Somozas que había que retomar o proxecto do novo Centro de Saúde da Capela.

Pasan os anos e o único que temos na Capela do novo centro de saúde é a finca que tivo que comprar o Concello para despois cederlla á Xunta de Galicia.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno que, coa participación dos grupos políticos que así o consideren oportuno, se inicien medidas de presión perante a Xunta de Galicia para que, dunha vez por todas, comence a construción do edificio para o centro de saúde.

Polo Sr. Alcalde respóntase que se atende o rogo.

2.- Este grupo político xa fai unos meses que puxo en coñecemento do equipo de goberno que nas instalacións deportivas dos Calzados, a rede que hai detrás dunha das porterías do campo de fútbol está en moi mal estado e con serie riesgo de provocar un accidente grave si se desprende dos seus anclaxes debido ó seu peso.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno, que faga as xestións oportunas para que se arranxe a rede antes de que o problema se agrave.

Polo Sr. Alcalde respóntase que se atende o rogo.

PREGUNTAS

Dase conta das preguntas presentadas polo Voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, que copiadas literalmente dín:

1.- Estamos ás portas do inverno e a choiva, a humidade e o sol están deteriorando a madeira do edificio do Portal de Entrada ás Fragas do Eume, do edificio de usos múltiples e a madeira do parque infantil. Váiselle dar algún tipo de tratamento a esta madeira para que non se siga deteriorando?

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente que se vai a tratar toda a madeira do Edificio de Servizos Múltiples, Portal e do Parque, de feito en algún dos casos xa se empezou onte a facelo.

2.- Nos últimos meses están saíndo noticias na prensa sobre as estadísticas do paro na comarca. A Capela, despois de 32 anos de goberno socialista, é un dos concellos con máis parados en relación á poboación. Ten pensado o equipo de goberno tomar algunha medida para combatir este grave problema?

Resposta o Sr. Alcalde que si se revisan os datos do paro dende 2007 os Concellos de tamaño similar a Capela estamos en cifras similares, xa que no caso da Capela seguro que aparecen computadas as prexubilacións de ENDESA. Dí ademáis que o Concello pouco pode facer para crear emprego.

Polo voceiro do grupo municipal de AIAC D. Fernando Vilar Díaz dí que o Concello debe facer políticas de investimento para tentar de axudar a paliar o problema do paro.

3.- Seguimos sin saber nada do Consello de Participación Veciñal. Vaise poñer en marcha nesta lexislatura?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se pode convocar cando se queira, aínda que derradeiramente a participación nas derradeiras xuntanzas convocadas pola Alcaldía con respecto a grupos políticos municipais é mínima.

4.- Na última xunta de voceiros, o Sr. Alcalde explicounos que a Escola de Guitiriz iba ser cedida ó Museo. Pódemos informar de cómo van as negociacións desa cesión?

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente que se remiteu a Asociación do Patronato do Museo Etnográfico as condicións de uso que se suscribirán mediante convenio e que en todo caso o Museo debe presentar un programa de actividades.

5.- Outro dos edificios propiedade do Concello, a casa dos Lagoeiros, continúa en desuso. Canto tempo vai seguir así?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que en canto ó uso é para almacén, xa que para darlle outro uso habería que invertir máis diñeiro para rematar a obra.

6.- Xa fai varios meses que desapareceu a sinal que estaba situada no cruce dos Picos e que indicaba a dirección hacia as instalacións deportivas dos Calzados. Cando se vai repoñer a sinalización.?

Respostase polo Sr. Alcalde-Presidente que a mencionada sinal estase a reparar polos traballadores municipais, poraselle un vinilo novo e colocarse no seu sitio orixinal.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e vinte minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

Jose Antonio Meizoso Paz

